

Xaneiro, 2010

SEMANA DA PAZ E DA SOLIDARIEDADE

Desde o día 25 ata o 29 de xaneiro estamos inmersos en todo o Colexio nunha Campaña centrada nos **valores da Paz e da Solidariedade**. Estes valores deben estar presentes no que facemos todos os días do ano, e non tería moito sentido se nos acordásemos deles só durante unha semana. Trátase de temas transversais que aparecen nas programacións de todas as áreas de estudo e de todas as actividades que organizamos.

Como sabedes, toda a comunidade educativa celebra o 29 de xaneiro o “**Día Escolar pola Paz**”. En sintonía coa igrexa universal que celebra tamén a “**Xornada de Oración pola Paz**”, e recordando o aniversario da morte de Gandhi, o profeta moderno da non-violencia, imos dedicar estes días a reflexionar xuntos sobre a Paz e a súa relación coa Solidariedade dun xeito máis explícito.

É doado dicir que nos solidarizamos cos que reciben as bombas ou cos que nestes días sofren, sobre todo se nos atopamos a milleiros de quilómetros deses lugares. **A paz e a solidariedade témola que coidar dende o máis preto**, dende o patio á aula, dende a familia aos veciños, dende o deporte ao consumo. Como sempre mantivo a tradición cristiá, a auténtica paz só se pode basear na xustiza.

Tanto o día 26 coma o día 29 celebraranse **actividades abertas á participación das familias**.

- **día 26 martes** ao mediodía, desde as 13:00 h. ata as 15:00 h., celebrarase o tradicional **Bocata Solidario**. Esta actividade quere ser un pequeno signo de austeridade e de educar no hábito de compartir e na solidariedade con aqueles que nestes días sofren as consecuencias dun devastador terremoto. O recadado destinarémolo neste ano ao **proxecto de Axuda de Emerxencia de Manos Unidas en Haití**.
 - Nese día **os profesores, os alumnos a partir de 3º de Primaria e os pais** facemos unha comida sinxela (un bocata).
 - Poderían participar tamén **os alumnos de infantil e primeiro ciclo de primaria se veñen acompañados polas súas familias**.
 - **Para participar deben adquirir un ticket por medio dos seus fillos. Tamén haberá “fila cero” para os que desexen sumarse e non poidan estar presentes fisicamente.**
- **día 29 venres**, as 11:30 h. terá lugar un acto dos alumnos de **Infantil e Primaria** que representarán no patio da igrexa: “**Viaxamos polo mundo**” seguindo o noso lema deste ano para infantil e primaria “**Viaxamos xuntos, prepárate**”

¡ÁNIMO!. É UNHA BOA OCASIÓN PARA XUNTARNOS E AMOSAR AO NOSO MUNDO QUE ENTRE TODOS OUTRO MUNDO É POSIBEL.

Con todo afecto e contando coa súa colaboración,

María Alonso.
Directora Xeral.

SEMANA DE LA PAZ Y DE LA SOLIDARIDAD

Desde el 25 hasta el 29 de Enero estamos llevando a cabo en todo el Colegio una campaña centrada en los valores de la “**paz y solidaridad**”. Estos valores deben estar presentes en lo que hacemos todos los días del año, y no tendría mucho sentido que nos acordásemos de ellos sólo durante una semana. Se trata de temas transversales que aparecen en las programaciones de todas las áreas de estudio y de todas las actividades que organizamos.

Como sabéis, toda la comunidad educativa celebra el día 29 de Enero el “**Día escolar por la paz**”. En sintonía con la iglesia universal que celebra también la “**Jornada de oración por la paz**”, y recordando el aniversario de la muerte de Gandhi, el profeta moderno de la no-violencia, vamos a dedicar estos días a reflexionar juntos sobre la paz y su relación con la solidaridad de una manera más explícita.

Es fácil decir que nos solidarizamos con los que reciben las bombas, sobre todo si nos encontramos a miles de kilómetros de distancia. **La paz y la solidaridad tenemos que cuidarla desde lo más cercano**, desde el patio y el aula, desde la familia a los vecinos, desde el deporte al consumo. Como siempre ha dicho la tradición cristiana, la auténtica paz sólo se puede basar en la justicia.

Tanto el día 26 como el día 29 se celebrarán **actividades abiertas a la participación de las familias**.

- **día 26 martes** a mediodía, desde las 13:00 h. ata as 15:00 h. , se celebra el tradicional día del **Bocata Solidario**. Esta actividad quiere ser un pequeño signo de austeridad y educar en el hábito de compartir y en la solidaridad con aquellos que en estos días sufren las consecuencias de un devastador terremoto. Lo recaudado lo destinaremos este año al **proyecto de Ayuda de Emergencia de Manos Unidas en Haití**.
 - Ese día los profesores, los alumnos a partir de 3º de primaria y los padres hacemos una comida sencilla (un bocata).
 - Podrían participar también los alumnos de **infantil y primer ciclo de primaria si vienen acompañados por sus familias**.
 - **Para participar deben adquirir un ticket por medio de sus hijos. También habrá “fila cero” para los que deseen sumarse y no puedan estar presentes físicamente.**
- **día 29 viernes**, a las 11:30 h. tendrá lugar un acto de los alumnos de Infantil e Primaria que representarán en el patio: “**Viajamos por el mundo**” siguiendo nuestro lema de este año para infantil e primaria.

¡ÁNIMO!. ES UNA BUENA OCASIÓN PARA JUNTARNOS Y MOSTRAR A NUESTRO MUNDO QUE ENTRE TODOS OTRO MUNDO ES POSIBLE.

Con todo afecto y contando con su colaboración,

María Alonso.
Directora General.